



RESOLUCION CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN, IGUALDADE E PARTICIPACION

Visto o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Alfoz 2020/2023 ,en concreto a Liña 1 , SUBVENCÍONS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, CULTURA, A XUVENTUDE E O FOMENTO TURÍSTICO , que ten como obxectivo específico, entre outros colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.

Visto o regulado na Ordenanza municipal de concesión de subvencións do Concello de Alfoz publicada o 2 de xuño de 2018, no BOP Lugo nº 125, entrando en vigor o 22 de xuño de 2018.

Visto o disposto nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio de 2023 no relativo á introdución da seguinte subvención nominativa: *Festas parroquiais. Comisións organizadoras. Nove parroquias, máximo 600 euros cada unha.*

O 15 de novembro de 2023 ten entrada no rexistro deste Concello (RE 908) a solicitude e anexos de subvención de festas parroquiais da Asociación de Vecinos Santiago de Adelán pola celebración da Festa na honra de San Ramón, realizadas os días 26 e 27 de agosto de 2023.

Logo do informe emitido por esta Secretaria- Interventora en data 22 de novembro de 2023 , a Alcaldía dicta Resolución 892/2023, pola que se efectúa requerimento de enmenda de solicitude de subvención, que foi atendida pola Asociación en data 23 de novembro (entrada 948 e 949).

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Secretaria- Interventora en data 04 de decembro de 2023 . Existe retención de crédito contra a partida 338.480 por importe de 600 euros (asiento 2788).

Visto o expediente tramitado, este Concelleiro delegado de Educación, Igualdade e Participación (Festas e Asociacións) , por Decreto de delegación da Alcadia 453, de 29 de xuño de 2023 RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a concesión de subvención nominativa prevista inicialmente nas Bases de Execución do Orzamento de 2023:

Aplicación económica	ENTIDADE	IMPORTE SUBVENCIÓN
338.480	Festa parroquial :NA HONRA DE SAN RAMON DE ADELAN Comisión Organizadora: Asociación de Veciños Santiago de Adelán	600 €





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Segundo.- Autorizar, dispoñer o gasto e recoñecer a obriga correspondente a concesión da subvención nominativa de Festas Parroquiais de na honra de San Ramón á Asociación de Veciños de Santiago de Adelán , por un importe de 600 €.

Terceiro.- Ordenar o pagamento da cantidade citada no apartado anterior.

Cuarto.- Comunicarlle a Asociación de Veciños Santiago de Adelán a obriga de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 74 a 76 do Real Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Quinto.- Comunicarlle ao interesado que de acordo co recollido no artigo 17 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a percepción da presente axuda será compatible coa doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sexto.- Dar conta ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre e publíquese na Base Nacional Datos de Subvencións.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica

O Concelleiro delegado de Educación, Igualdade e Participación (Festas e Asociacións).

Asdo. Eliseo Lorenzo García.

